

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 35 - 2020

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Pola industria e o emprego

Mobilizacións o 30 de xaneiro en todas as comarcas

Ante a situación de emerxencia nacional e social que vivimos en Galiza, a CIG, como primeira forza sindical, ten convocadas novas mobilizacións o xoves 30 de xaneiro en todas as comarcas para esixir a derogación das reformas antiobreiras e cambios reais nas políticas que nos permitan recuperar os dereitos roubados e vivir e traballar dignamente na nosa terra.

Nos últimos meses vimos arrastrando unha crise industrial que percorre Galiza de norte a sur e que ten lugar baixo a ameaza dunha recesión económica, cando aínda non saímos da anterior. Unha crise que se salda coa conformación dunha realidade caracterizada polo empobrecemento xeneralizado imposto pola vía das reformas laborais, sociais e das pensións; o medre na destrución de emprego, especialmente no sector industrial; a extensión da pobreza laboral e dos baixos salarios; e a centralización e os impedimentos ao noso dereito a negociar as condicións de traballo en Galiza.

Estamos baixo a intensa aplicación das políticas neoliberais executadas polos gobernos español e galego, o incremento das privatizacións e dos recortes nos servizos públicos e unha maior concentración do capital, acompañada da 'robotización' e da descarbonización da economía. Neste proceso, a Galiza impónselle un nivel de esixencia tan alto da redución das emisións de CO₂ –cos peches das centrais térmicas das Pontes e Meirama–, como se fósamos unha sociedade soberana e industrializada ao nivel de Alemaña ou Francia.

Cando en verdade somos vítimas dun tecido económico e industrial deseñado polo grande capital español e internacional, resultado de anos dunha industria de enclave que veu espoliar as nosas materias primas, que non pecha os ciclos produtivos e que ten sido altamente contaminante.

Todo un conxunto que está provocando en Galiza un regueiro de ERTE, peches de empresas, reducións de cadros de persoal e novas deslocalizacións da produción.

Un Goberno incompetente

Estes son os trazos dunha realidade na que está en xogo o noso futuro, cun Goberno galego incompetente que contribúe á destrución dos

nos deixa sen xente, nun país cada vez máis envellecido e con menos poboación activa.

A nivel estatal, os pasos dados na conformación do novo Executivo débennos pór en desconfianza e alerta, ao existir un elevado risco de que continúe coa axenda neoliberal. Pois, malia as promesas existentes, durante a anterior lexislatura nin se derogaron as reformas laborais nin a das pensións, nin mudaron as políticas económicas que manteñen este sistema de economía especulativa.

Neste contexto, é lamentábel asistir ao papel de UGT e CCOO en Galiza, máis preocupados por branquear o PP no marco do diálogo social, que por acudir aos chamamentos reiterados que desde hai un ano leva facendo a CIG para dar unha resposta conxunta a esta grave situación.

Polo tanto, non son tempos de propagandas nin de enganar, son tempos de cambios reais e profundos das políticas porque o prezo de mantelas é incrementar a inxustiza social e favorecer as condicións para o neofascismo, que no Estado español é o franquismo de sempre.

Mais os dereitos nin se regalan, nin se compran, nin veñen do diálogo social, nin os concede un goberno porque si. Os dereitos conquístanse coa loita e a mobilización. Esta é a vía para alcanzar políticas alternativas coas que poidamos exercer o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra.



sectores produtivos estratéxicos e que fai unha política socialmente suicida consistente no macroturismo, no Camiño de Santiago a grande escala, ou na eucaliptización do país en favor das grandes corporacións. Mentres, seguimos subministrando man de obra barata a través dunha emigración que

Unha transición enerxética xusta debe formular alternativas industriais e de emprego

Galiza remataba decembro con 594 persoas desempregadas máis no sector industrial. Tamén coa solicitude formal de peche da central térmica das Pontes que se suma ao peche das instalacións de Meirama, acelerando así o desmantelamento do noso tecido produtivo e afondando na grave crise industrial que padece o noso país.



Endesa, propietaria da central das Pontes, adoptaba esta medida sen comunicación previa á representación social, sen agardar os resultados das novas probas con combustíbeis alternativos ao carbón, sen achegar proxectos que substitúan a actividade da térmica e sen cumprir as garantías de emprego, cando xa se están a producir despedimentos nas auxiliares. En resposta, as organizacións sindicais xa convocaron unha xornada de folga o martes 14 de xaneiro, tanto na principal como nas contratadas.

Tampouco Naturgy, un ano despois de anunciar a clausura de Meirama, presentou compromisos concretos co emprego e coa reindustrialización da comarca, negándose incluso a manter reunións coa representación do persoal. Para esixir unha transición xusta e ordenada que favoreza a creación de emprego e a industrialización, a CIG convocou unha protesta o venres 17 de xaneiro, ás 14:30h na entrada da central térmica.

Estas decisións empresariais exécútanse sen as Administracións esixirlles responsabilidades ás eléctricas, malia que durante décadas obtiveron millónarios beneficios á conta de espoliar os nosos recursos. "Para que

sexa xusta, a transición enerxética ten que pasar por propor proxectos de futuro que minimicen o impacto sociolaboral que o peche das centrais ten nestas comarcas e que Galiza estea incluída nos plans e axudas que se poidan destinar, tanto a nivel europeo como estatal e galego, aos territorios afectados polos procesos de descarbonización", advirte o secretario xeral da CIG, Paulo Carril.

Porén, Galiza está excluída dos plans estratéxicos e non hai ningún proxecto industrial viábel enriba da mesa que permita suplir unha actividade que constitúe un dos motores económicos destas bisbarras (só en termos de emprego, a central de Meirama xera uns 200 postos e a das Pontes uns 750).

Galiza, excluída das axudas

Carril alerta de que para Galiza non existe un convenio similar aos pactados para Aragón, Asturias ou Castela e León, nin tampouco se nos aplica ningunha das medidas recollidas no plan de acción urxente 2019-2023. Lembra, ademais, que o cesamento das térmicas ten impacto directo nos tráxicos dos portos da Coruña e de Ferrol e sobre dúcias de auxiliares

relacionadas con esta actividade.

Esta discriminación foi trasladada pola CIG á Dirección Xeral do Cambio Climático da UE nun encontro celebrado o pasado mes para coñecer o contido e alcance do "Novo e Xusto Acordo Verde" e reclamar o dereito de Galiza a estar incluída nas liñas de axudas e fondos que se destinen ao proceso de descarbonización, atendendo ao maior impacto que suporá para o noso país e ás negativas consecuencias sociais, económicas e laborais que vai ter.

Tarifa Eléctrica Galega

"Non podemos, unha vez máis, ser os únicos e as únicas en asumir os custos desta reconversión mentres a nosa capacidade de produción de enerxía segue posta ao servizo dos intereses das grandes eléctricas e do desenvolvemento doutros territorios", subliña Carril. Engade que a verdadeira transición ecolóxica, "para que sexa tal e sexa xusta, ten que pasar porque se nos recoñeza o dereito e a capacidade de decidir sobre os nosos recursos e sobre o noso desenvolvemento económico e social. E iso implica termos unha Tarifa Eléctrica Galega que cree emprego e industria".



Fronte sindical das nacións do Estado español

A CIG está a impulsar unha fronte xunto coas principais organizacións sindicais das nacións do Estado español -Galiza, Euskal Herria e Catalunya- para presentar, no decurso deste mesmo mes, un manifesto conxunto no que se recollan as demandas prioritarias ao novo Goberno. Requirimentos que contemplan desde a derogación das reformas laborais, das pensións ou da negociación colectiva, até a exigencia de que se revogue a chamada lei mordaza ou se dea primacía á política para resolver os conflitos nacionais.

Esta fronte sindical promóvese nun contexto de intensificación dos encontros da CIG cos sindicatos nacionais e tras das xuntanzas celebradas coa Intersindical-Confederación Sindical Catalana (I-CSC), coa que a nosa central sindical asinou un protocolo de colaboración, o pasado 18 de decembro, e con ELA, en Bilbo, na que se definiron unhas liñas de actuación común entre as organizacións sindicais maioritarias de Galiza e Euskal Herria, o pasado 18 de novembro.

Os sindicatos nacionalistas alertan da grave deterioración das condicións laborais pola submisión dos gobernos -tanto do Estado español como autonómicos- á



axenda neoliberal e ás súas políticas de austeridade. Políticas que deron nun incremento do desemprego e a emigración; que incrementaron a precariedade e a pobreza e que, no caso de Galiza, teñen aínda máis graves consecuencias dada a alarmante crise industrial que padecemos.

Canda isto, para as organizacións sindicais soberanistas é especialmente preocupante a deriva antidemocrática, represiva, autoritarista e españolista deste último decenio no Estado español, que alimentou un gravísima auxe da extrema dereita.

Por iso, demandan do Goberno de Pedro Sánchez a reversión das reformas laborais, das pensións e da

negociación colectiva; a extensión de políticas que garantan a igualdade de xénero; a recuperación do poder adquisitivo dos salarios e das pensións, dos servizos públicos e os dereitos sociais.

Isto, xunto cunha axenda democratizadora que contemple a inmediata derogación da Lei mordaza e do artigo 315.3 do Código Penal, que criminaliza o movemento social e sindical, a folga e as mobilizacións. Unha axenda que free o neofascismo que agroma no Estado español e que permita abordar os conflitos nacionais co diálogo político e non coa xudicialización e represión actuais.

Por unhas pensións dignas e garantidas!

O colectivo de xubilados/as e pensionistas da CIG convoca para o xoves 23 de xaneiro mobilizacións nas sete cidades galegas 'Por unhas pensións públicas dignas e garantidas'. Até o de agora había incerteza sobre a conformación de goberno, mais unha vez investido o novo presidente e a piques de se conformaren os novos ministerios, a central sindical demanda medidas inmediatas para dar unha solución a esta grave situación.

Entre outras cuestións a CIG reclama a supresión do factor de sustentabilidade; a fixación por lei da pensión mínima igual ao SMI e a súa revalorización anual, como mínimo, co

IPC; a xubilación ordinaria aos 65 anos e voluntaria a partir dos 35 cotizados; que o cálculo da base reguladora se faga segundo as bases de cotización, actualizadas á data de reporte da pensión co IPC de todo o tempo transcorrido, dun período de 10 anos elixido pola persoa beneficiaria.

Xunto a isto, demanda a supresión das bonificacións e reducións da cotización empresarial á Seguridade Social en determinados tipos de contratos laborais; que se eliminen os topos máximos de cotización á Seguridade Social e o traspaso a Galiza da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social prevista no Estatuto de Autonomía.

MOBILIZACIÓNS

A CORUÑA:

11:00h. no Obelisco

COMPOSTELA:

11:00h. na Praza do Toural

FERROL:

11:30h. Praza Amada García (Edificio Xunta)

LUGO:

11:00h. diante do INSS, (Avenida de Madrid)

OURENSE:

11:00h. diante do INSS, (Parque S. Lázaro)

PONTEVEDRA:

11:00h. na Praza da Peregrina

VIGO:

11:00h. na Farola de Urzáiz



A CIG cumpre 25 anos como primeira forza sindical

A CIG celebrou o seu 25 aniversario cunha asemblea nacional de delegadas e delegados o pasado día 3 de decembro que estivo presidida pola actual Executiva e os membros do primeiro Secretariado. Un acto no que se conmemorou, como apuntou o secretario xeral, Paulo Carril, un proceso histórico nacido das loitas de Ferrol e Vigo do ano 1972 que levou a central sindical a ser hoxe a primeira en representación, afiliación e capacidade de mobilización.

No acto interviñeron Manuel Mera, que foi secretario confederal primeiro e presidente da CIG despois –entre os anos 1987 e 2001; Suso Seixo, que foi secretario xeral desde 2001 até 2017; e o actual secretario xeral, Paulo Carril. Non puido acudir por causas de saúde Fernando Acuña, secretario xeral desde 1994 até 2001.

Para Carril, foi precisamente ese proceso histórico o que fixo que a CIG sexa hoxe “expresión da vontade firme da clase traballadora galega de construír ferramentas desde a nosa autoorganización, como clase e como pobo galego, como a única vía para rematar con este sistema de explotación de clase, agravada ante a dependencia colonial á que está sometida a nosa nación polo Estado español”.

Reafirmou que a emancipación da clase traballadora galega “é inseparable da conquista da soberanía nacional de Galiza, porque non podemos ser homes e mulleres libres nunha nación asoballada” e incidiu no inxente

labor colectivo que, ao longo deste 25 anos, permitiu construír unha central sindical “de forte unidade de clase, que se labra loita a loita, nos centros de traballo, nas fábricas, por medio da mobilización obreira e da mobilización popular, na defensa dos nosos intereses de clase”.

Un percorrido e unha práctica que, tal e como afirmou, fai que a CIG sexa hoxe a primeira forza sindical en Galiza, “obxectivo imparábel que nos chama a actuar de acordo aos mesmos principios e á mesma acción sindical, que nos ten levado a termos este resultado”.

Primeira forza sindical

Con todo, malia ter conseguido situar á CIG como primeira forza sindical, o secretario xeral advertiu de que esa maioría “non se gaña dunha vez para sempre” e subliñou que será unha maioría “fráxil” en relación co poder do capital “canto máis tardemos en consolidar este avance no plano organizativo e ideolóxico, no labor de convencer

a máis sectores da clase traballadora facendo valer o noso modelo sindical”.

Por iso apuntou, como reto colectivo, “consolidar e ampliar a maioría sindical, tendo en conta que o poder económico vai recrutar a súa ofensiva para que non sigamos a avanzar e que as alternativas que defendemos non saian adiante” e explicou que non se trata só de ser un sindicato con grande número de afiliación e de representación, senón “un instrumento útil e de contrapoder real fronte á explotación e na defensa dos intereses da clase traballadora”.

Piases fundamentais

Ademais, sinalou como piases fundamentais o asemblearismo, a participación, a combatividade e a construción de organización para avanzar nas conquistas de dereitos e na transformación da realidade co obxectivo de acumular máis forzas para avanzar na construción de poder sindical porque “onde hai sindicato hai melloras reais nas condicións laborais e de vida”.